

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

SUSPENSIÓN DE SESIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS CON MOTIVO DO ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19

DECRETO DE ALCALDÍA

Como consecuencia da pandemia xerada polo coronavirus COVID-19, o Goberno de España mediante o Real decreto 463/2020 declarou o pasado 14.03.2020 o Estado de Alarma en todo o territorio español, estando prevista a súa prórroga por outro 15 días máis.

Esta declaración comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais, e, na súa Disposición adicional terceira, contéplase a suspensión de prazos administrativos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público

A FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) o 15.03.2020, ditou unha Instrución para os concellos galegos propoñendo a adopción de determinadas medidas. Entre as medidas propostas figura a suspensión das sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais: Xunta de Goberno Local, Pleno do Concello, Comisións Informativas, etc, ca única excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar.

Por todo o exposto esta Alcaldía no uso das súas atribucións contidas na lexislación de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, por razón de extraordinaria e urxente necesidade, RESOLVE:

Primeiro.-Suspender a convocatoria das sesións dos seguintes órganos colexiados ata o levantamento do estado de alarma:

- As sesión ordinarias do Pleno, e concretamente a prevista para o próximo 30 de marzo de 2020.
- As sesión ordinarias da Xunta de Goberno Local, previstas para o segundo e último luns de cada mes.

Segundo.-Dar traslado da presente resolución aos Voceiros dos Grupos Municipais, aos membros da Xunta de Goberno Local, e ao Pleno na próxima sesión que se celebre; así como aos órganos e departamentos do Concello para os que resulte de interese.

Terceiro.-Publicar este decreto na web municipal (www.concellodearbo.es), así como portal de transparencia e taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arbo:

<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>



Mércores, 13 de maio de 2020

Núm. 90

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, Horacio Gil Expósito, en Arbo, do que eu, como Secretaria, dou fe.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde,
Horacio Gil Expósito

A secretaria,
Patricia Hernández Estévez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: E1B17G7J6QRQA20C

